O DERRADEIRO TRAZO DE XIZ

Memorias dunha escola rural



Miguel Muñiz



Ata mediados do século XX, a educación escolar en Galicia estaba suxeita á cultura popular rural. As aulas cheas de nenas e nenos durante os meses de inverno baleirábanse no verán coa chegada dos traballos agrícolas.

En 1945, a Lei sobre educación primaria estableceu a obriga de dotar de escolas os núcleos de poboación con máis de 250 habitantes. Non obstante, a dificultade e, ás veces, a falta de interese por parte do Goberno en proporcionarlle escolas a unha comunidade tan xeograficamente dispersa foi superada pola determinación das e dos labregos de darlle á súa descendencia un futuro mellor, que optaron por construír eles mesmos as escolas e substituír a mestra ou mestre por alguén da veciñanza que tivese estudos primarios. Así naceron "as escolas do ferrado", chamadas desta forma porque á mestra ou mestre se lle pagaba un ferrado de fariña por estudante ao ano.

As carencias educativas derivadas desta dispersión poboacional foron compensadas por unha experiencia escolar e vital nun ambiente familiar e próximo.

Coa aplicación da Lei xeral de educación de 1970, intensificouse a concentración escolar. Comezou unha migración de nenas e nenos cara a grandes núcleos de poboación, en detrimento da cultura rural tradicional. Baixo a premisa dunha maior eficiencia e redución de custos, fomentouse o desarraigo familiar e o abandono do campo, o que levou á fin das escolas rurais.

Desde hai catro anos Miguel Muñiz percorre a xeografía galega buscando vestixios das escolas rurais abandonadas a mediados do século pasado debido á concentración escolar. A través dos retratos e testemuños das persoas que as habitaron constrúe un evocador mapa visual e oral. Ás veces, os únicos elementos que nos falan da súa memoria son só un trazo de xiz nun encerado, un caderno de contas ou as marcas dunha navalla nun vello pupitre coas inquedanzas dunha nena ou neno.






Julio Nazo





















DATAS E HORARIOS

Do 24 de novembro ao 9 de decembro de 2026

De luns a venres
de 8 a 20 h

Sábados e festivos
de 10 a 14 h e de 16 a 19 h

Domingos
de 10 a 14 h

LUGAR

Palacete das Mendoza. Sala de exposicións
Praza de Santa María, s/n, Pontevedra

Deputación Pontevedra | rías baixas